

**SUXESTIÓNS AO PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE
DE 18 DE ABRIL DE 1996 POLA QUE SE DESENVOLVE O DECRETO
243/1995, DE 28 DE XULLO, NO RELATIVO Á REGULACIÓN DAS
CONDICIÓNS E REQUISITOS ESPECÍFICOS QUE DEBEN CUMPRIR OS
CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES**

Ancoradoiro, Sociedade Coop Galega, inscrita no Rexistro de Cooperativas de Galicia co número 1070-PO celebra que a Consellería de Política Social aborde as necesidades de atención e coidados que requiren as persoas maiores, especialmente no relativo á súa vulnerabilidade ante situacións de dependencia. Destacamos así mesmo que se propoñan accións preventivas que atrasen posibles situacións de dependencia, evitado así a exclusión, a desigualdade ou a desprotección.

Para nós, as anteditas propostas apuntan a coñecer ben a realidade na que nos movemos, e levar a cabo intervencións públicas centradas na persoa maior, protexendo o seu benestar e dispoñer servizos que axuden ás súas necesidades, van na dirección correcta.

Para Ancoradoiro unha das directrices que farían máis saudable física e psicolóxicamente a vida das persoas maiores, independentemente do seu estado de saúde, é que por elas mesmas poidan decidir agruparse e conformar comunidades de consenso, onde decidan froito da práctica do debate e a análise, como desexan vivir e onde.

Cremos que deste xeito xorden proxectos de vida valiosos e modelos de xestión innovadores como os denominados *cohousing senior* que forman previamente a base social de “*alma de fogar*”, imprescindible en calquera edificación.

As persoas maiores que participan na creación dun *cohousing senior*

ANCORADOIRO COHOUSING SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

están creando un novo proxecto nas súas vidas, quizá finalista; por ese motivo vivirán implicándose coa súa base social para decidir como xestionar os espazos comúns e privados, recibir coidados e conseguir benestar e seguridade.

Un grupo de consenso que decide como desenvolver e comprometer a súa vida en común e desde o recoñecemento á singularidade, interpretar a sociedade para comprendela e participar dela e nela.

A cuestión de fondo será a auto xestión do modelo de convivencia para favorecer a relación social, o coñecemento e emprender actividades para o desenvolvemento persoal.

Estas aspiracións van máis aló do que se propoñen actualmente as residencias tradicionais, onde a xestión é marcadamente directiva e centrada en atender aos residentes nas súas necesidades, percibidas como un problema e non como unha oportunidade para entender a vida desde outros ángulos, onde a persoa experimente a súa autonomía e capacidade para decidir como coidarse, onde e con quen convivir.

As residencias tradicionais teñen a súa función social e outras fórmulas xa implementadas tamén: apartamentos tutelados, centros de día, fogares, clubs, ... e agora chéganos, con preto de setenta anos de atraso respecto a experiencias consolidadas noutros países, o tempo de promover aloxamentos de nova construción e no noso caso potenciando modelos de *cohousing*.

Pero que é o *cohousing*, como entender este concepto na nosa cultura e sociedade. Nós xa adiantamos durante esta exposición as bases do modelo de convivencia, detallarémolas máis.

Cremos, en liñas xerais, que o Proxecto de Orde que nos ocupa vai na boa dirección e propón directivas valiosas para as persoas maiores; aínda así botamos en falta unha aposta pola transversalidade institucional que comprometa a outras Consellerías na translación de políticas necesarias para desenvolver non soamente modelos de convivencia innovadores senón ademais edificacións que os promovan e vantaxes fiscais que os

ANCORADOIRO COHOUSING SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

WWW.ANCORADOIRO.ORG
info@ancoradoiro.org

faciliten.

Preocúpanos a quen entendemos a fórmula de compartir desde os valores e fins do cooperativismo, marcadamente definidos na **autoxestión e unha visión non especulativa dos bens e produtos de consumo** que non se clarifique, na mencionada Orde, o que se entende por ***aloxamentos compartidos*** xa que podería suceder que esta oportunidade impulsada desde Política Social para axudar a vivir dignamente en edificacións promovidas e autoxestionadas polos seus residentes, neste caso persoas maiores, fose malinterpretada e utilizada para outros fins, principios e valores distintos aos previstos.

Finalmente, botamos en falta que a Orde non faga partícipe de maneira transversal a outras áreas institucionais da Administración Autonómica, por exemplo, reclamando que nas políticas de Territorio e Vivenda se teña en conta a necesidade de asegurar a implantación de dotacións como os *cohousing senior*, especialmente en contornas urbanas.

En Vigo a 13 de abril de 2022

Atentamente

Asdo.: Lucía Calvo Martínez

Presidenta de Añcoradoiro



ANCORADOIRO COHOUSING SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

WWW.ANCORADOIRO.ORG
info@ancoradoiro.org